

# ORBALLO, SOCIEDAD COOPERATIVA GALLEGA



Investimos os nosos subsidios de desemprego nun proxecto empresarial que nos permitise xerar os nosos propios postos de traballo

*Adela Domínguez Ramírez*

## Datos básicos

<b>Actividade:</b>	Servizos de xardinería e limpeza de vías públicas
<b>Sector de actividade</b>	Agricultura, gandería e pesca
<b>Nº empregados</b>	8
<b>Inversión inicial</b>	42.100 €
<b>Financiamento inicial:</b>	A financiamento inicial do proxecto divídese nos seguintes apartados: <ul style="list-style-type: none"><li>- O CEDER subvencionou o 55% do investimento inicial.</li><li>- A Consellería de Familia, Muller e Xuventude concedeunos unha subvención de 3.005 € por cada unha das mulleres socias e 1.800 € polo socio.</li><li>- Recebemos 1.800 € por cada unha das dúas socias en concepto dunha subvención da Comunidade Europea.</li><li>- O resto do financiamento correu por conta propia, aportamos cada un o importe capitalizado do subsidio de desemprego (3.550 € cada un dos tres socios).</li></ul>
<b>Web:</b>	
<b>Municipio:</b>	Tui, Pontevedra
<b>Ano creación:</b>	1994

## Descripción do proxecto

Trátase dunha sociedade cooperativa que ofrece servizos de xardinería e limpeza de vías públicas.

En canto á súa sección de xardinería, ORBALLO ofrece servizos integrais, desde desbroce ou movemento de terras até sistemas de rego, deseño de xardíns, mantemento, etc., e orientámonos a todo tipo de clientes, desde particulares ata o sector público, pasando por empresas.

Os servizos de limpeza están orientados aos concellos, ofrecendo solución ao mantemento de vías públicas.



## Datos empresa

### Claves do éxito

Ante todo, a vontade de triunfar no laboral. Consideramos que existen tres factores fundamentais para que a empresa se implante con éxito: moito esforzo, paciencia e capacidade para asumir riscos razoábeis. De todos xeitos, o éxito é algo que nos van outorgando os nosos clientes. Chegados a este punto, cremos que estamos a conseguilo porque os nosos clientes valoran en nos a puntualidade, a responsabilidade e un traballo ben feito.

### Situación actual

- En canto ao laboral, a empresa conta con 8 empregados (incluídos os tres socios).
- No relativo ao aspecto comercial, estamos contentos coa situación actual porque contamos con clientes permanentes.
- En canto á económica, a nosa situación podería catalogarse dentro do normal, atravesando algunhas dificultades debido á asunción de certos riscos que son ineludíbeis cando se ten unha empresa.
- E nos proxectos de futuro, temos previsto abrir un local comercial novo e investir en maquinaria.

### Perfil cliente

Maioritariamente o noso cliente é a Administración Pública, tanto no sector de xardinería como en limpeza de vías. Sen embargo temos contratos con outros clientes alleos ao sector público, especialmente nas temporadas de primavera e verán.



## Idea inicial

A idea xúrdenos cando acabamos os nosos estudos nunha escola taller de xardinería. Pensamos se volver ás nosas casas cobrando un subsidio de desemprego ou se reunir os importes dos nosos subsidios e investilos nun proxecto empresarial que nos permita xerar os nosos propios postos de traballo. Decidimos tentar facernos un oco no mercado empresarial aplicando os coñecementos e experiencia acumulados durante a nosa etapa formativa e comezamos así a desenvolver o noso propio proxecto.

## Principales dificultades y amenazas futuras

A principal dificultade inicial foi conseguir entrar no mercado laboral e económico, xa que tiñamos moito traballo pero resultábanos difícil cobrar eses traballos. En canto ás ameazas futuras, é posíbel que teñamos que ampliar e innovar, adaptándonos ás novas tecnoloxías e prepararnos ante a posibilidade da aparición de novos competidores.

## Perfil promotores

Adela Domínguez posúe formación académica de bachiller e formación profesional de primeiro e segundo grao. Ademais, aporta experiencia profesional nunha escola taller de xardinería, onde xurdiu o seu proxecto empresarial. A empresa conta con dous socios máis. Os tres promotores son mozos que convivían cos seus pais e non tiñan responsabilidades familiares.

## Aptitudes necesarias

Posuír un forte carácter emprendedor. Iso significa ser moi constante, ter vontade de triunfar en algo propio, crer no que fas e dedicarte, de forma exclusiva, á empresa que estás a crear. En definitiva, traballo e gañas de triunfar.



## Guía de Actividad

**Empresas de servicios de xardinería** ([www.guias.bicgalicia.es](http://www.guias.bicgalicia.es))

## Motivacións

**Dedicarme ao que me gusta  
O reto que supón**

**Saír do desemprego**

## Formación

**¿Recibiu información específica sobre a creación de empresas?**

Si, a recibida na Escola Obradoiro.

Aos vintedous e vintetrés anos, xa puxeran en marcha unha cooperativa de servizos de xardinería e limpeza.

**¿Considera importante recibir formación específica sobre creación de empresas para desenvolver con éxito un proxecto empresarial?**

Si.

## Anecdotalio

A nave principal está situada nun lugar difícil de localizar. Cando levábamos uns meses en marcha, chamaron varios empresarios da zona, amigos nosos e comentáronnos que había un inspector de traballo que quería contactar con nós para facernos unha inspección pero que non era capaz de localizar o lugar no que estaba situada a empresa. Eu mesma tiven que contactar co inspector e quedar con el para guialo ata a empresa para que este puidese facer a inspección.

